

Unha pequena guía de


Música en galego

A música en galego ten séculos de historia. Seguro que coñeces as cantigas medievais, algunha das coplas populares que se cantan na túa casa ou che soa algún himno rock na nosa lingua. Moitas artistas procuran reinventar esta tradición, outras crean pezas e motivos novos. Con esta pequena guía procuramos que, segundo os teus intereses, poidas coñecer grupos e artistas que fan música en galego. Faltan moitas ou as que están non están correctamente compartimentadas, mais este pequeno libriño quere servir como estímulo para investigar sobre a música en galego pola nosa conta.

Para desprazarte polos apartados podes empregar as frechas que están situadas ao longo da guía, e para escoitar as cancións podes premer nos símbolos, os cales te levarán a unha ligazón de YouTube.

Moitas das artistas teñen perfís onde penduran a súa música, animámoste a apoiar e compartir música en galego!

Se tes algún comentario ou suxestión, podes escribir a **musicasengalego@gmail.com**

Para obter todas as funcionalidades na versión móbil deste arquivo interactivo é preciso ter instalado un visor pdf. Pode descargar a aplicación na seguinte ligazón 

Que tipo de música che gusta?



Interésache algún destes temas?



Queres saber máis?



1. Tradicional

Mercedes Peón ▶ quizais foi (e é) a artista máis transgresora do panorama musical, pois leva anos compilando e modernizando melodías populares, ademais de crear outras novas con instrumentos tradicionais (e non tanto).

Outras instrumentistas revolucionaron a música galega. **Cristina Pato** ▶, **Carlos Núñez** ▶, **Budiño** ▶ ou **Susana Seivane** ▶. E se buscamos folk máis experimental, **Na Lúa** ▶, **Berrogüetto** ▶ ou **Davide Salvado** ▶.

Mais se queredes música para unha foliada ou un serán, mellor **Xosé Lois Romero e Aliboria** ▶, **Xabier Díaz e as Adufeiras de Salitre** ▶, **Leilía** ▶, as pandereteiras **Bouba** ▶, **Lulavai** ▶, **Caldo** ▶, **Os d'Abaixo** ▶ ou **Tanxedoras** ▶. E música para bailar mais que lembran a outros lugares do mundo: **Oïma** ▶, **Radio Cos** ▶, **Caamaño e Ameixeiras** ▶ ...

E non podemos esquecer outros grupos ou agrupacións tradicionais como **Treixadura** ▶, **Luar na Lubre** ▶ ou **Malvela** ▶.



2. Pop e indie en galego

Comezamos cun pouco de retranca... Galicia es una mierda dos **Ataque Escampe** ▶. Todas as súas músicas son recomendábeis, mais sabedes quen é Alan Lomax? Foi un estadounidense que nos anos cincuenta percorreu o noso país gravando os cantares populares ▶. E non foi o único, a musicóloga suíza Dorothe Schubarth rexistrou, canda a Antón Santamarina, o que foi chamado o Cancioneiro Popular Galego. Está en andamento un documental para coñecer en que consistiu este proceso ▶.

Caxade ▶, **Atrás Tigre** ▶, **Chicharrón** ▶, **Os Amigos dos Músicos** ▶, **Esposa** ▶, **Gancho Sanches** ▶, **Momboi** ▶ ou **Oh! Ayatollah** ▶ son algunhas bandas con produción musical actual.



3. Rap en galego

O Hevi é un músico que estivo detrás de moitos proxectos da música galega: **Non Residentz** ▶, **Juanito Broders** ▶, **Fluzo** ▶ ou máis recentemente **Malandrómeda** ▶. Actualmente, traballa producindo para outros grupos galegos.

Tamén están os **Dios Ke Te Crew** ▶, **García MC** ▶, **Rebeliom do Inframundo** ▶, **SonDaRúa** ▶, **Sokram** ▶, **Aid** ▶, **Ezetaerre** ▶, **Labregos do Tempo dos Sputniks** ▶, ou **AMORODO** ▶.

E se collemos outros ritmos está **HighPaw** ▶.



4. Rock e ska en galego

Algúns grupos de rock son **Narf** ▶, **Terbutalina** ▶, **Nao** ▶, **Astarot** ▶, **Zënzar** ▶, **Ruxe Ruxe** ▶, **Os Esquíos** ▶, **Nuada** ▶, **Os Resentidos** ▶, **Xenreira** ▶ ou **Os Diplomáticos de Montevalto** ▶.

E de ska **SkandaloGZ** ▶, **Trapallada** ▶, **Skárnio** ▶, **Liska** ▶, **Indar Galega** ▶ ou **Os Papaqueixos** ▶.



5. Electrónica e mestura

Quen dixo que non se podía mesturar a música tradicional e a música feita por ordenador? Temos a **Baiuca** ▶, **Igmig** ▶, **Fanny + Alexander** ▶, **Projecto Trépia**, que tamén mestura danza ▶, **Faia** ▶, **Alexandre Villalba** ▶ ou **Eclectica Ensemble** ▶.

Davide Salvado, de quen falamos antes, colaborou en multitude de proxectos, mais recentemente colaborou coa cantadora **Fransy González** e co violinista **Cibrán Seixo** ▶.

Deixando atrás a mestura coa música tradicional temos a **Das Kapital** ▶, **Emilio José** ▶ ou **Pantis** ▶.



6. Un pouco de todo

Nos últimos anos xurdiron novos estilos musicais cuxos embaixadores en galego son bastante recoñecidos entre a mocidade. **Boyanka Kostova** ▶ e **Verto** ▶ son dous grupos formados por dous mozos que fan trap en galego.

Outra persoa que estivo detrás de moitos proxectos musicais galegos e **0 Leo** ▶. E outros punks son **Lamprea Explosiva** ▶, **Fascismo** ▶ ou **Zurraspa** ▶.

Durante os anos setenta e oitenta, moitos cantantes expresaron as súas opinións sobre os problemas que afectaban o noso país mediante a música, algúns experimentando cos instrumentos e recursos do momento. **Bibiano** ▶, **María Manoela** ▶, **Miro Casabella** ▶, **Xerardo Moscoso** ▶ ou **Emilio Cao** ▶. Algúns deles formaron a agrupación **Voces Ceibes** ▶.

Mais tamén música instrumental e jazz como a de **Aida Saco Beiroa** ▶, **Xoán López** ▶ ou **Ataúlfo Bigárdez** ▶. E neste último... recoñeces a serie?



7. Música en galego e feminista

Cantigas de Mulleres ▶ un álbum compilatorio de músicas realizadas por mulleres. Cantan Uxía, Guadi Galego, Marful...

En **Marful** ▶, cuxa canción ***Tristras*** ▶ coñecemos en parte porque Sabela a levou a Operación Triunfo, canta **Ugia Pedreira** ▶.



Ses é das voces máis coñecidas e potentes do panorama musical galego, mais ademais ten sempre unhas mensaxes feministas. ***Non son fada*** ▶.


E para falarmos de todas as mulleres que fan que o mundo siga xirando? A canción de **MJ Pérez *Casandra*** ▶, **Skandalo GZ *Por ser muller*** ▶, ***Matriarcas*** ▶ de **Guadi Galego, Xoana** con ***Mártires*** ▶ ou as **Tanxugueiras** co seu ***Desposorio*** ▶.

E, por último, este himno do Xabarín Club contra o acoso: ***Non me amoles*** das **Pussycats** ▶.



8. Defender o monte e a vida

Esta artista francesa instalouse no rural galego e fai electrónica cos sons do medio. Camille Hédouin é **MounQup** e aquí fai un divertido directo na horta . Unha defensa do rural de **Pelenuca** .

E lembrades o desastre natural do Prestige? Varios artistas lembraron este episodio e homenaxearon o voluntariado. Un deles foi o xa nomeado **Miro Casabella** .



9. En galego e conscientes

Seguro que vos soan estas artistas aínda que sexan algo vellas... **Juan Pardo** canta *A Fala* e *Falade Galego* ▶ , **A Roda** co *Falemos galego* ▶ ...

Mais mellor algo máis actual... *En galego NON mola* dos **SonDaRúa** ▶ , *A lingua cortada* de **Nao** ▶ , *Coa lingua de fóra* de **Quempallou** ▶ , *Linguas ceibes* de **Dakidarría** ▶ .



10. A poesía galega en música

Alexandro González reúne as voces de diferentes artistas galegos para homenaxear a poesía de Lois Pereiro. *Oito cancións para oito poemas de Lois Pereiro* ▶.

Amancio Prada, cantautor dunha desas localidades fóra do territorio galego onde se fala a nosa lingua, musicou moitos poemas da nosa tradición literaria, desde a medieval até as composicións de autores do século XX. Cantou cantigas medievais en *Lelia doura* ▶, coplas de tradición oral en *De Mar e Terra* ▶, a Rosalía de Castro en *Rosalía de Castro* ▶ e en *Rosas a Rosalía* ▶, as composicións de Álvaro Cunqueiro en *A Dama e o Cabaleiro* ▶ e os seis poemas que Federico Lorca escribiu en galego en *Federico García Lorca: Poeta en Galicia* ▶.

Uxía Senlle tamén cantou os poemas de varios escritores galegos. En *Andando a Terra* canta a Manuel María ▶ e en *Uxía-0* canta a Uxío Novoneyra ▶.

Os **Labregos do Tempo dos Sputniks** é un proxecto do Leo Arremecághona e García MC e no seu disco cantan as músicas de Celso Emilio Ferreiro e doutros poetas e letristas ▶.

E se non se trata de musicar poemas, senón de creación propia, de poesía musicada, temos **Cintaadhesiva** ▶ ou **Samuel L. París** ▶.



Queres coñecer máis? Por aquí van algunhas canles, listaxes musicais e proxectos para que exploredes máis!

- **Cancións en galego** ▶ para cantar cancións en versión karaoke.
- **A primavera do Bandini** ▶, unha canle de YouTube onde os rapaces de Verto animan a quen faga música en galego a compartir as súas creacións.
- **Galician Fresh Tracks - Galego a Tope!** ▶, unha playlist de Spotify que se vai actualizando a cada pouco con novas músicas en galego.
- **Músicas Galegas Ilustradas** ▶, un proxecto da artista Laura Romero onde ilustra mulleres solistas e integrantes de grupos galegos.
- O centro social A Gentalha do Pichel de Santiago de Compostela organiza cada ano un festival, o **Eclosom** ▶, un certame para novas músicas en galego e con presenza feminina.
- **aCentral Folque** ▶ é unha escola de música popular e avanzada que fai un grande labor de compilación e difusión de cantigas e músicas.
- **Punto e Volta** ▶ é un proxecto para compilar puntos de baile e coplas por todo o país.
- **GZMúsica** ▶ percorre o país gravando concertos e entrevistando artistas.
- E se vos gusta o hip hop, **Hip Hop em Galego** ▶ é a vosa canle.



Elia Lago

Diseño Editorial: Paula Lago

2020